

---

## EXERCICIOS AUTOAVALIABLES

---

### ACTIVIDADE 1

*Son realista na miña narrativa, pero non fago calco; hai moito (moito máis do que a primeira vista parece) de “invención”. En canto a procedementos, a forma, tampouco son tan tradicional [...], de calquera maneira, en comparanza con algunhas novelas da Nova Narrativa (sen escenario galego, ou sen escenario concreto ningún, con nomes extraños ós nomes galegos, cun ritmo ó modo de Robbe Grillet, sintaxe rota, léxico deliberadamente descoidado, esteticismo, individualismo), a miña forma ben puidera parecer tradicional. O que ocorre é outra cousa; ocorre que eu teño moi en conta o lector, un lector que debemos conquistar; pero coidado, eu non son populista, non fago a menor concesión léxica [...], nin concesións temáticas [...].*

*Paulatinamente amplíase o mundo dos nosos lectores; nestes anos, moita xente en Galicia colle nas súas mans, por primeira vez, un libro escrito na lingua que fala. Se este libro non o entende, nin na linguaxe castrapizada, nin no tema, nin no escenario galego, nin nunha sintaxe lóxica, é posible que non queira seguir lendo no idioma que habitualmente fala; ou que prefira o castelán, que no fondo é alienante por falta de relación entre o falado e o lido. No meu caso [...], trátase dun realismo deliberado, cunha finalidade á altura deste momento galego, deste momento de lento ascenso cultural na lingua galega.*

Recollido por María Lucas en *La visión de Galicia en Xosé Neira Vilas*.

1. No texto anterior Xosé Neira Vilas dá as razóns do seu estilo. Con que outros autores compara a súa obra? Que características narrativas non comparte con eles?
2. Coa información do texto e do estudado na unidade enumera as características, contrapostas, na forma e nos temas, da obra dos autores da Nova Narrativa e as da obra de Neira Vilas.
3. Como xustifica o seu “realismo”?

### ACTIVIDADE 2

Con respecto ao conto Xosé Luís Méndez Ferrín declara:

*“Para min, a totalidade do conto pende do seu final e o seu final, sexa sorpresivo ou non, ten que iluminar todo o anterior, darlle sentido a todo o que levamos lido. De maneira que a un conto nunca lle pode sobrar un folio, nin tan siquiera unha palabra e moitos contos malógranse por isto”*

1. Para que outro autor, dos xa estudados, é tamén fundamental o final dun conto? Onde o explica?
2. Cres que hai coincidencias entre os dous autores? Cales?

### ACTIVIDADE 3

1. A Literatura Infantil e xuvenil proliferou moitísimo nos últimos anos. Nesta unidade non se dedica un apartado específico a ela. Poderías facer unha relación dos autores e obras de literatura infantil e xuvenil que se mencionan nesta unidade.

### ACTIVIDADE 4

Corrixe e explica os erros contidos nas seguintes afirmacións:

1. Chámase Nova Narrativa Galega ás obras dos escritores máis novos, que comezaron a publicar nos anos noventa.
2. Na narrativa de Xosé Neira Vilas predomina unha ambientación urbana, nunha fuxida consciente do “ruralismo”. Hai unha recorrente apelación a mundos absurdos, irracionais, fantasmagóricos.
3. O narrador omnisciente tradicional; os personaxes conflitivos, desarraigados e solitarios; a temporalidade lineal, cronolóxica; o uso do monólogo interior e as localizacións espaciais precisas e reais; son características formais das obras da Nova Narrativa Galega.
4. *Amor de Artur* é unha obra alegórica de política ficción onde se explica a aparición do nacionalismo revolucionario dos anos 70 e a súa ruptura co culturalismo piñeirista. O seu autor é Xosé Luís Méndez Ferrín e esta obra encádrase dentro da Nova Narrativa Galega.
5. *O ciclo do neno* de Neira Vilas agrupa as obras: *Memorias dun neno labrego*, *O cabaliño de buxo* e *Querido Tomás*.
6. Víctor Freixanes é o autor da tradución de *Le petit prince* de Antoine de Saint-Exupéry, publicada en 1972.
7. A novela *Vento ferido* de Carlos Casares carece de acción propiamente dita, inclúe disposicións gráficas vangardistas, revela un afán de experimentación técnica. É a única obra que o autor considera dentro da Nova Narrativa Galega.
8. James Joyce inflúe nas obras da Nova Narrativa Galega polo seu maxistral uso da técnica do fragmentarismo.

### ACTIVIDADE 5

De que autor e/ou obra falamos?

1. Un escritor lugués publica en 2008 unha obra retomando o protagonista doutra que publicara en 1985, de grande éxito, destinada ao público infantil.
2. Publicada en 1977, supón unha fronteira na concepción da novela dando paso ás producións literarias dos anos oitenta.
3. Antón Reixa e Suso de Toro nos anos oitenta publican cadansúa obra, de carácter vangardista, nas que se evidencian a necesidade de ensaiar vías de ruptura dos códigos convencionais.
4. Primeiro autor que, afastándose dos modelos narrativos da época, que supuñan o compromiso ideolóxico, realizou esforzos por crear unha literatura popular ou de “quiosque”.
5. Novela insólita no panorama literario galego de 1984, primeira novela negra galega.
6. Primeira novela galega de ciencia ficción e única en sentido estrito. De Ramón Caride Ogando.
7. Novela ambientada en Camboia, protagonizada por un botánico en misión académica, do autor do libro de relatos *Ártico e outros mares* (1990).
8. Principal representante da narrativa cunqueirista, gañador do premio Xerais en 1989 cunha obra na que retoma os asuntos da materia de Bretaña.
9. Narradoras activistas do feminismo que poñen en marcha a revista *Festa da palabra silenciada*.

10. Novela publicada en 1990 que se insería noutra publicada en 1985 titulada *Tertúlia*.

#### ACTIVIDADE 6:

Comentario de texto.

*Naquel recanto de pescadores, o seu mundo era a escopeta. Vivía só coa súa nai nunha casa sen hórreo e sen redes, a carón das brañas e da lagoa de Mindao. Cazaba coellos e raposos nos montes brancos e sobre todo, cando era o tempo, patos reais, fochas, polas de río, cercetas e mesmo algunha garza –para desecar e vender- naquel mar dóce onde o vento durmía amansado polo canabal. Criárase alí, entre xuncos, e ninguén en Porto Bremón ousaría disputarlle aquel seu reino.*

*De mozo era moi bebedor, bravucón, un pouco atolondrado, e tratábano daquela co alcume de Roxo. A noite de despedida, xurou diante dos amigos que volvería rico de Inglaterra.*

*- Virei coma un señor e vós seguredes sendo uns merdáns –dixo sen que ninguén o retrucase, anque só fose porque non é bo costume levar a contra a un bébedo que se cadra non ha de volver endexamais.*

*Pero o Roxo volveu, pasados xa algúns anos. Mudara moito no xeito de portarse, como se serenase. Parecía manexar cartos, pero non facía fachenda deles, e mesmo con humildade dixo que alí se gañaba máis que aquí pero non tanto como se dicía. Asegurou, iso si, que adeprendera a xogar ó golf e que lle gustaban as carreiras de cabalos.*

*Ía almorzar ó café Porto e pedía ovos fritos con xamón canda o café, para sorpresa de pescadores que entón recibían o novo día con coñac ou caña do país. Vestía elegante pero non á vella, levaba gravata sobre camisa de color, e tamén os zapatos tiñan unha punteira rechamante, distinta ó resto. Mais non era daquela, nin moito menos, unha persoa que marcasse distancias. Dicíanlle os vellos camaradas que aquilo do golf era unha mariconada e el púñase erguido, pedía a Leonor, a patrona do café Porto, unha vasoira, collíaa polo mango e, despois de calculados movementos, chimpaba un corcho pola porta entreaberta. Ó pouco, boa parte da clientela tiña feito o intento con todo tipo de obxectos, levantando nubes de serrín e facendo bater nos vidros as chapas de refrescos. O Roxo, a quen xa chamaban por novo alcume o Inglés, aseguraba entre bromas que había de chegar o día en que Porto Bremón tería un campo de golf, con grandes pradairas verdes, lisas coma a cabeza dun recluta e con buracos perfectos sinalados con bandeiriñas.*

*-Os patos que fan paso na lagoa de Mindao pousaranse alí e poderedes cazar desde a terraza mentres tomades un vermuth.*

*Pero os seus proxectos non paraban aí. En sucesivas estancias de verán deuse en instruír ós veciños sobre as avantaxes da ciencia, incluídas as novas técnicas de xardinería. Tódalas casas de Inglaterra, dicía, teñen herba e plantas de flor na parte dianteira, non como aquí que corren as augas suxas, e todo é unha lameira no inverno e un criadeiro de moscas no verán. E esmerábase no relato de homes atarefados na poda as mañás do domingo e mulleres facendosas que puñan cortinas de encaixes nas fiestras, mentres no forno douraba o doce do festivo.*

*-Iso non será así onde hai mariñeiros –apostaba un contertulio.*

*-En todas partes –aseguraba o Inglés.*

*Aquela primeira obxección animaba ó resto dos paisanos.*

*-¿Pois logo por que seguen en Xibraltar? –preguntaba o máis político.*

*-Eu escoitei dicir na televisión que nas escolas de Inglaterra mallan nos nenos ata facerlles sangue –sinalaba outro.*

*-¿Non é certo que conducen ó revés? –dicía irónico un terceiro.*

*O Inglés mollaba os beizos, medía as distancias, e daba coa vasoira un golpe exacto.*

*Cando decidiu regresar definitivamente, o Inglés era xa unha especie de cónsul honorario e quen atendía os visitantes que, raramente, ían dar a aquelas paraxes.*

*Deixou de improvisar discursos de formación cívica e tódolos seus pasos parecían orientarse agora na orde práctica. Quería ser rico, o máis rico de Porto Bremón, e acabouno sendo. Ata entón, os pescadores vendían o peixe e o marisco a un intermediario que se desprazaba desde a capital e fixaba el o precio. As dificultades de transporte e a falta de competencia, facíanlo imprescindible. O Inglés fíxose cun camión frigorífico, ofreceu precios máis vantaxosos e, cando ficou el só como comprador, marcou as súas propias condicións. Ó tempo, descubriu o que xa todos sabían: o que realmente lle gustaba á xente de Porto Bremón non era o peixe senón as chuletas. Así que abriu a primeira carnicería.*

*Había moitas máis cousas que descubrir nos novos tempos. Por exemplo, que o que máis atrae na noite son as luces. Na escuridade dunha vila mariñeira, as luces de neón son irresistibles. O rótulo de café Porto ficou coma unha triste luminaria cando o Inglés inaugurou o Trafalgar, radiante coas súas intermitencias, as máquinas de xogos e o selector de discos. Nin sequera os máis vellos resistían a fascinación daquel local cheo de engados de luz, apliques brillantes e marquetería fina, e apoiábanse na barra metalizada coma velaíñas.*

*Ó Trafalgar seguiu, co mesmo nome, unha discoteca a onde acudían mozos e mozas de toda a bisbarra, sen necesidade de se desprazaren a vilas máis lonxanas. O local, polas novidades, coma esas billas con células fotoeléctricas que botan auga con só achegar as mans, deu que falar durante meses. Porto Bremón acadou certa sona como lugar de veraneo, cousa que el fomentou e da que se aproveitou, abrindo un restaurante con hospedaxe e, máis adiante, construíndo un edificio con apartamentos. Todo o mundo o trataba xa de Míster, e o que comezou sendo unha broma acadou carta de natureza, ata o punto de que moi poucos recordaban xa a súa procedencia. Os seus pais morreran, non se lle coñecía familia, e algúns dos seus costumes, como bañarse no mar de inverno ou pasear tódolos seráns un can rabecho, rodeárono dunha estaña lenda, segundo a cal el era un náufrago cuspidor polo temporal que se asentara para sempre naquela costa brava.*

*O día grande para o Inglés foi cando, finalmente, se inaugurou un campo de golf dentro do complexo turístico de Porto Bremón. Era unha mañá radiante de domingo. As forzas vivas rodeábano e disputaban a súa atención. Viñeran autoridades da capital. Todos sorriron cando a banda de música interpretou na súa honra unha marcha da familia real británica. No percorrido, o gobernador eloxiou aquel céspede que se estendía coma un manto de veludo, en contraste coa imponente paisaxe lunar de area e pedra dos arredores.*

*-Non vai ser fácil manter isto así, tan verde –comentou o gobernador.*

*-Non hai problema. Sempre será verde –dixo el.*

*Sabíao mellor ca ninguén. Estaban a camiñar sobre un mar doce soñado polas aves viaxeiras nas terras frías. Soterradas, baixo os seus pés, as brañas e a lagoa de Mindoa.*

Manuel Rivas, “O Inglés”. *Un millón de vacas*, 1989.

1. Comenta o tratamento temporal neste relato.
2. Nesta historia hai un contraste entre a aldea mariñeira e o mundo importado de Inglaterra que trae o protagonista. Tira do texto exemplos deste contraste.
3. Explica e describe a evolución do protagonista, como pasou de “o Roxo” a “Míster”
4. Fai unha interpretación do final do conto.

---

## SOLUCIÓN

---

### ACTIVIDADE 1

1. *No texto anterior Xosé Neira Vilas dá as razóns do seu estilo. Con que outros autores compara a súa obra ? Que características narrativas non comparte con eles?*

Neira Vilas pon de manifesto nestas declaracións as “acusacións” de ser un autor realista. El explica que hai máis de invención nas súas obras do que parece. Se a súa obra pode parecer tradicional é por comparanza con obras e autores do seu tempo que optaron por formas e contidos innovadores, afastados da literatura tradicional galega feita ata ese momento. Estes autores e obras son os da Nova Narrativa Galega que teñen como características, apuntadas por Neira Vilas e que o distancian destes autores:

- O escenario: fronte ao escenario galego, rural, facilmente identificable de Neira Vilas os da NNG usan espazos imprecisos, puramente verbais, froito da imaxinación do autor, non sempre recoñecibles, sen referentes reais, urbanos, nunha fuxida deliberada do ruralismo amplamente desenvolvido na nosa literatura.
- Os da Nova Narrativa Galega van estar influídos pola literatura europea do momento. Van producir obras cheas de contidos filosóficos, psicolóxicos e políticos (existencialismo, condutismo, marxismo...). reciben as influencias do Nouveau roman francés (Robbe Grillet, técnica cinematográfica, obxectalismo, condutismo, renuncia á trama argumental...)
- Sintaxe rota a través do uso do monólogo interior, fluír da conciencia dos personaxes, ao xeito de James Joyce. Afán de experimentación formal (na linguaxe, tipográfica...) tendencia ao anti-sentimentalismo. Reflexo dunha sociedade alienante e insegura a través do desequilibrio e illamento dos personaxes.

2. *Coa información do texto e do estudado na unidade enumera as características, contrapostas, na forma e nos temas, da obra dos autores da Nova Narrativa e as da obra de Neira Vilas.*

Xa foron apuntadas na resposta anterior para completalas pódense ver os apartados 2.2. e 2.3. da unidade. Sobre a narrativa de Neira Vilas, véxase o apartado 4.

3. *Como xustifica o seu “realismo”?*

A xustificación do seu realismo está expresada no último parágrafo do texto. O “realismo” de Neira Vilas, segundo el, é deliberado, coa finalidade de captar lectores para a literatura galega a través de personaxes, situacións e ambientes cos que o lector se poida sentir identificado. Para alén diso, o uso do galego é outro factor que contribúe a ampliar o número de lectores que pouco a pouco se incorporan á literatura galega ao identificar a lingua que falan coa lingua que len e para iso a linguaxe non pode ser unha dificultade máis para que esa iniciación se produza.



## ACTIVIDADE 2

1. *Para que outro autor, dos xa estudados, é tamén fundamental o final dun conto? Onde o explica?*

Para Rafael Dieste que expresa cales deben ser as características do conto no “limiar” de *Dos arquivos do trasno*. Alí expresa a importancia do remate dun conto, como vimos en unidades anteriores, dicindo:

- *O remate ha de ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imxes que foron sucesivas.*
- *A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resonancia en todos os currunchos do relato.*
- *O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas verbas derradeiras, despois de inzalo poderosamente.*

2. *Cres que hai coincidencias entre os dous autores? Cales?*

Si. Calquera das expresións anteriores, de R. Dieste, coincide co que manifesta Xosé Luís Méndez Ferrín

## ACTIVIDADE 3

1. *A Literatura Infantil e xuvenil proliferou moitísimo nos últimos anos. Nesta unidade non se dedica un apartado específico a ela. Poderías facer unha relación dos autores e obras de literatura infantil e xuvenil que se mencionan nesta unidade.*

Xosé Neira Vilas:

- *O cabaliño de buxo* (1971)
- *Espantallo amigo* (1971)
- *A marela tarabela* (1976),
- *De cando o Suso foi carteiro* (1988),
- *Chegan forasteiros* (1993),
- *Contos vellos para rapaces novos* (1983).

Carlos Casares:

- *A galiña azul* (1968)
- *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973)
- *O can Rin e o lobo Crispín* (1983)
- *Lolo anda en bicicleta* (1996)
- *O galo de Antioquía* (1994)
- *Un polbo xigante* (2000)
- A serie de Toribio: *Este é Toribio* (1991), *Toribio contra o profesor Smith* (1991), *Toribio e o contador de contos* (1991), *Toribio ten unha idea* (1992) *Toribio revoluciona o tráfico* (1994).

Xosé Fernández Ferreiro: *O conto da boa e da mala pipa* (1996).

Paco Martín: *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008).

Xoán Bernárdez Vilar: *Big Bang* (1996)

Suso de Toro:

- *A sombra cazadora* (1994)
- *Conta saldada* (1996)

Ramón Caride Ogando:

- *Perigo vexetal* (1995)
- *Ameaza na Antártida*. (1997)
- *As aventuras de Said e Sheila* (2001)
- *O futuro roubado* (1999)
- *Ruki, o rato robot* (2003)
- *Bertiño Rompetodo* (2008)

Xosé Miranda:

- *Lúa e os nubeiros* (2000)
- *Ariadna* (2002)
- *Pel de lobo* (2002, Premio Merlín)
- *As mans do medo* (2008).

Xavier Queipo: *O espello e o Dragón* (2004)

#### ACTIVIDADE 4

*Corrixe e explica os erros contidos nas seguintes afirmacións:*

1. Chámase Nova Narrativa Galega a un conxunto de autores e textos publicados entre 1954 e 1980. Danse nun grupo de autores e obras unhas características estéticas e unha concepción da literatura que permiten agrupalos nunha escola literaria. Estes autores son: Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo González Suárez-Llanos, María Xosé Queizán, Xohana Torres, Carlos Casares, Vicente Vázquez Diéguez, Lois Diéguez e Xohán Casal.
2. Estas son características das obras incluídas no movemento da Nova Narrativa Galega. Xosé Neira Vilas afástase conscientemente do interese renovador dos seus coetáneos, o que o caracteriza é o tratamento cruamente realista da vida rural galega. Os motivos deste distanciamento deliberado aparecen reflectidos no texto da actividade 1.
3. Das características enumeradas son incorrectas:
  - a. “*O narrador omnisciente tradicional*”, as obras da NNG caracterízanse por todo o contrario, en canto ao punto de vista desaparece o narrador omnisciente, propio da novela clásica, que situaba o lector nunha actitude pasiva perante o relato. Todo era descrito, explicado, interpretado desde a perspectiva todopoderosa do narrador. Na novela contemporánea a perspectiva pode ser a dun personaxe ou a de varios, mesmo que estas sexan contraditorias, aparece a narración en primeira persoa. O narrador pode limitarse a contar simplemente o que observa ou, no outro extremo, ofrecer o discurso íntimo das cavilacións dos personaxes.
  - b. “*Temporalidade lineal, cronolóxica*” é o tratamento temporal preferido nas novelas tradicionais do XIX, a narrativa contemporánea reduce o tempo da historia que amplifica no discurso (pausas, descrições...), rexeita a orde cronolóxica e desordena o decorrer temporal coa introdución de analepses e prolepses ou dá entrada a un tempo psicolóxico onde a orde e a duración xa non teñen ningún sentido.
  - c. “*localizacións espaciais precisas e reais*” . En realidade é todo o contrario, o espazo vai ser puramente verbal en moitos casos. Mesmo que as localizacións espaciais teñan un referente real e se nomee na obra (Londres, Nova York...) o autor manipulará as descrições e todo o procedemento narrativo para crear un ambiente ilusorio, unha localización imprecisa ou irreal, froito só da súa imaxinación.
4. *Amor de Artur* (1982) de Xosé Luís Méndez Ferrín son cinco relatos que recrean os mitos bretóns ou artúricos.  
*Retorno a Tago* (1971), do mesmo autor, é unha obra alegórica de política ficción onde se explica a aparición do nacionalismo revolucionario dos anos 70 e a súa ruptura co culturalismo piñeirista. Ten sido interpretada como unha novela en clave, un axuste de contas ideolóxico é xeracional, onde o personaxe

Ulm

Roam encarna o piñeirismo e Rotbañ Luden, a heroína, a postura das novas xeracións nacionalistas. Esta obra encádrase no segundo ciclo narrativo de Ferrín e por tanto fóra da Nova Narrativa Galega.

5. *O Ciclo do neno* (1978), agrupa : *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971), *Aqueles anos do Moncho* (1977)  
*O cabaliño de buxo* (1971) é un libro destinado ao público infantil  
*Querido Tomás* (1980), é unha narración na que o mundo rural é observado desde o punto de vista dun adulto, non dun neno.
6. O autor da tradución de *Le petit prince* de Antoine de Saint-Exupéry, publicada en 1972, é Carlos Casares, non Freixanes.
7. *Vento ferido* (1967) de Carlos Casares, non é unha novela, son doce relatos de protagonista adolescente. Tecnicamente destaca o uso do monólogo interior e a mistura de planos temporais. Tematicamente os relatos están presididos pola violencia, o fatalismo, as relacións frustradas ...  
A novela que carece de acción propiamente dita, inclúe disposicións gráficas vangardistas, revela un afán de experimentación técnica, é *Cambio en tres* (1969) É a única obra que o autor considera dentro da Nova Narrativa Galega. Falando dela o autor recoñece que “foi para min un experimento”.
8. James Joyce inflúe nas obras da Nova Narrativa Galega polo seu maxistral uso da técnica do **monólogo interior**.

#### ACTIVIDADE 5:

De que autor e/ou obra falamos?

1. *Das cousas de Ramón Lamote. Das novas cousas de Ramón Lamote*. De Paco Martín.
2. *Dos anxos e dos mortos* de Anxo Adolfo Rei Ballesteros.
3. *Historias do Rock´n roll, Caixón desastre* ambas de 1984
4. Xosé Fernández Ferreiro: *A morte de Frank González* (1975), *Corrupción e morte de Brigitte Bardot* (1981), *Reportaxe cósmico* (1982) ...
5. *Crime en Compostela* de Antonio G. Reigosa.
6. *Soños eléctricos* (1992)
7. *Malaria sentimental* de Xavier Queipo.
8. Darío Xohán Cabana, *Galván en Saor*.
9. M<sup>a</sup> Xosé Queizán e Margarita Ledo Andión
10. *Cárcere verde* de Xavier Alcalá.



## ACTIVIDADE 6

### 1. Comenta o tratamento temporal neste relato.

A orde temporal do relato é lineal, non hai alteracións cara adiante ou atrás (analepses ou prolepses). A duración é bantante extensa. A medida do tempo vén dada pola evolución do personaxe principal. Comeza o relato cunha breve descrición do lugar onde se criou o *Roxo*, caracterizando o personaxe nos seus anos mozos *criárase alí, entre xuncos; de mozo era moi bebedor, bravucón, un pouco atolondrado*. Logo desta brevísima descrición espacial e caracterización do protagonista, a acción sitúase xa no momento en que vai partir para Inglaterra, *a noite de despedida, xurou diante dos amigos que volvería rico de Inglaterra*. Aquí hai un salto temporal e despois de introducir a voz do protagonista para dicir que voltará coma un señor, pasan os anos e o *Roxo* xa está de volta, *pero o Roxo volveu, pasados xa algúns anos..* O narrador dá algúns detalles desta súa primeira estadía na aldea natal para logo explicar como vai evolucionando o personaxe ao longo das súas sucesivas viaxes de regreso, *en sucesivas estancias de verán...* E por fin regresa para quedarse definitivamente, *cando decidiu regresar definitivamente...* Neste regreso definitivo alcanzamos a comprender totalmente o tempo transcurrido porque o narrador lévamos ás orixes do protagonista, no comezo do relato, para dicir que están, despois de tanto tempo, xa case esquecidas: *moi poucos recordaban xa a súa procedencia. Os seus pais morreran, non se lle coñecía familia, e algúns dos seus costumes, como bañarse no mar de inverno ou pasear tódolos seráns un can rabecho, rodeárono dunha estaña lenda, segundo a cal el era un náufrago cuspidado polo temporal que se asentara para sempre naquela costa brava.*

### 2. Nesta historia hai un contraste entre a aldea mariñeira e o mundo importado de Inglaterra que trae o protagonista. Tira do texto exemplos deste contraste.

O primeiro contraste dáse no propio protagonista: *De mozo era moi bebedor, bravucón, un pouco atolondrado / ... o Roxo volveu [...] Mudara moito no xeito de comportarse, como se serenase*. Muda o seu carácter e tamén os seus costumes que contrastan cos da xente da súa aldea: *... que adeprendera a xogar ó golf e que lle gustaban as carreiras de cabalos. / Díciánlle os vellos camaradas que aquilo do golf era unha mariconada. Almorzaba ovos fritos e xamón canda o café mentres que os pescadores recibían o novo día con coñac ou caña do país*. Na vestimenta: *levaba gravata sobre camisa de color, e tamén os zapatos tiñan unha punteira rechamante, distinta ó resto*. Pretende introducir costumes e modos de vida na aldea coma os que teñen os ingleses, valorando que o de alá é mellor ca o de aquí: *Tódalas casas de Inglaterra, dicía, teñen herba e plantas de flor na parte dianteira, non como aquí que corren as augas suxas, e todo é unha lameira no inverno e un criadeiro de moscas no verán. E esmerábase no relato de homes atarefados na poda as mañás do domingo e mulleres facendosas que puñan cortinas de encaixes nas fiestras, mentres no forno douraba o doce do festivo*. Por último, cando xa progresou na súa propia aldea logo de regresar definitivamente, *a escuridade dunha vila mariñeira contrasta coas irresistibles luces de neón e o rótulo de café Porto ficou coma unha triste luminaria cando o Inglés inaugurou o Trafalgar, radiante coas súas intermitencias, as máquinas de xogos e o selector de discos*.

### 3. Explica e describe a evolución do protagonista, como pasou de “o Roxo” a “Míster”

O *Roxo*, habitante dunha vila de pescadores na que el non era nin pescador, senón cazador, *o seu mundo era a escopeta*, vese obrigado a emigrar da súa terra pois na súa casa non hai *nin hórreo nin redes*, non son nin labregos nin pescadores.

Vive humildemente *a carón das brañas e da lagoa de Mindobao*. Da súa viaxe trae cartos e costumes novos e de *o Roxo* pasa a chamarse *O Inglés*. Pasados os anos volta definitivamente e comeza a prosperar na súa terra, con el trouxo “o progreso” e a súa grande ilusión é crear un campo de golf. Comeza comprando un camión frigorífico para transportar o peixe dos mariñeiros, logo pon unha carnicería, despois un bar “o Trafalgar”, unha discoteca, un restaurante con hospedaxe, un edificio de apartamentos e finalmente o complexo turístico de Porto Bremón, con campo de golf. Agora xa non é “o Inglés” é “Míster”, respectado por todos, ata polas autoridades da capital. *As forzas vivas rodeábano e disputaban a súa atención. Viñeran autoridades da capital.*

#### 4. Fai unha interpretación do final do conto.

O relato trata de como un home a través da emigración e o coñecemento doutros mundos introduce na súa aldea natal costumes e modos de vida totalmente novos e alleos a xente que alí vive. Esa nova maneira de vivir presenta unha aparencia de progreso que o personaxe vai introducindo a medida que prospera nos negocios. A aldea modernízase, enchese de luces de neón e veñen cada vez máis turistas. Esta nova vida, este progreso, superpónse por riba da vida tradicional da aldea mariñeira, que é desprezada polo emigrante, e pode chegar mesmo a facela desaparecer. Isto é o que está no final do relato. O ansiado campo de golf, meta máxima da prosperidade do protagonista, e o elemento máis antagónico a unha vila tardicional mariñeira, superponse e enterra debaixo a paisaxe da aldea, as brañas e a lagoa. Pero ademáis disto o final dévolvenos ao comezo do conto onde se describía o habitat inicial do protagonista, onde el se criou, *criárase alí, entre xuncos, e ninguén en Porto Bremón ousaría disputarlle aquel seu reino*. Pasado moito tempo e despois de vivir fóra moitos anos, *O Roxo* xa nunca máis será *O Roxo*, perde a súa propia identidade (de *Roxo* a *Míster* pasando polo *Inglés*) as súas raíces vanse esvaíndo, *moi poucos recordaban xa a súa procedencia*, morreulle a nai e el converteuse nuha lenda. Ás veces a xente que ten que emigrar, cando volta xa non se sente nin de aquí nin de acolá, ou ben esquece quen é e de onde viña. O falso progreso traído de Inglaterra polo *Roxo* enterra para sempre, por propia vontade, a súa identidade e a súa orixe: as brañas e a lagoa de Mindobao, *o seu reino*, baixo un campo de golf.

---

## EXERCICIOS

---

### 1. Le o texto 6 da antoloxía e responde:

Rotbaf Luden, azerrata criada en Anati, é enviada á súa patria, Tagen Ata, para se entrevistar con Ulm Roan, responsable da Resistencia Patriótica (I.T.A.) que loita contra o dominio colonizador de Terra Ancha. Ao descubrir que Ulm Roan está vendido ao invasor, elimínoa despois dunha noite de amor.

Nesta obra desenvólvense os mitos que dan unidade á obra de Méndez Ferrín (Tagen Ata, Terra Ancha, Rotbaf Luden, Ulm Roan, A Grande Fraga...):

- Partindo do fragmento, tenta explicar estes mitos.
- Ata que punto son expresión simbólica da realidade histórica de Galiza?
- En que momento da traxectoria literaria de Ferrín se sitúa esta obra?
- Aporta, esta obra, algún elemento orixinal a respecto de textos anteriores no referido ao compromiso nas nosas letras?

### 2. le o seguinte relato de *Memorias de Tains* de Gonzalo R. Mourullo e responde:

#### CARTA DE S.

Meu bon amigo:

*Non poiden despedirme de ti. Debía tratarse dunha misión moi importante cando eles puxeran tanto interés en que eu tomase aquel mesmo día o camiño dista cidade. Nunca souben que eístitira ista cidade. Nunca tiven anceios de vir a ista cidade: precisamente porque non sabía que eístitira. Non embargantes, truxéronme a ista cidade. Deixáronme alí, na mesma estación do tren. Dixéronme:*

*-Poña todos os sentidos no seu xeito de aítuar. Ten sobor de si moita responsabilidade. Ha cumprir a misión o mellor que poida, do contrario... De momento, busque o número 4 da rúa 23. Soio. Dende agora, deberá camiñar vostede soio.*

*Busquei a rúa 23, o número 4. non fixen máis que abrir a porta, e xa me topei coa dona da pensión. Estaba no anco do <<hall>>, subida a unha especie de púlpito. Pero era tan absurda a colocación do púlpito –estaba moi outo, moi perto do teito- que a probe da vella tiña o corpo dobrado en forma de ángulo. Un ángulo cáseque reito. Tan pronto como me viu, falou.*

*-¡Ah! É vostede, señor S. Adiante.*

*Polo visto, xa me coñecía. Pero non tan soio isto, senón que ademais agardábame.*

*-Pase, señor S. Ruba. No piso primeiro, á dereita.*

*Comecei a rubir as eacadeiras.*

*-¡Ah! Señor S. Teña moito coidado. Si. É un consello. Moito coidado. A misión é en verdade difícil. Si, moi difícil, señor S.*

*O coarto era moi pequeno, e non tiña luz de ningunha clase. Non tardei en caer na conta de que o que o coarto fose dise xeito debíase, sin dúbida algunha, ao carácter da misión. Deiteime ao longo daquela cama dura i estreita. Non sei con esaititude canto tempo pasei nisa habitación. Si acaso, poidera sabelo polos xantares que fixen, pero nin diso fun capaz de preocuparme. Traguíanme a comida alí e nunca endexamais me dixeron ren. Eu soio escoitaba os ruídos dafora. Uns ruídos que chegaban a min sen ningún sentido. As mesma parolas que, ás veces, no pasigo e nas escadeiras sostiñan as xentes da pensión, chegaban a min baleiras de contido. Todo o que non era eu, era iso: vulto e ruído.*

Un bon día, a moza que me servía os xantares díxome que de noite –conviña que fose de noite para non levantar sospeitas e botar con elo a perde a eficacia da misión- debía trasladarme a outro coarto. Iste novo coarto era amplo dabondo e tiña unha fiestra non pequena. A fiestra caía – como poiden comprobar cando me erguín- enriba da rúa 23. fronte por fronte ao meu coarto, estaban instaladas as oficiñas da empresa aérea A.I. Daba o reloxo as nove, cando por primeira vez debruceime na fiestra. Os empregados das oficiñas entraban en ringleiras de a un. Diante, ía o home do uniforme roxo. Detrais todos so do uniforme gris. Un pouco antes de que me trouxeran a comida, poiden velos saír, outra vez en ringleira de a un. Primeiro viña o de uniforme roxo. Logo, todos os do uniforme gris, pola tarde –xa facía un anaco que entraran os empregados nas oficiñas- a mesma moza que me servía o xantare, veu xunto de min para decirme que podía saír á rúa, sempre que adotase as precaucións necesarias para non botar a perder a eficacia da misión.

Cando baixaba polas escadeiras da pensión –que agora, non sei porqué, parecíáname enteiramente distintas daquel primeiro día en que rubín por elas- atopeir novamente coa patroa. Aunque estaba seguro de que xa a vira así, parecíame que a súa postura non era a mesma do día da miña chegada. Non sei porqué. Porque realmente a dona da pensión permañecía igoal. Esaitamente igoal: subida a aquela especie de púlpito, co corpo encorvado en forma de ángulo. Cando pasei por debaixo dela, non deixou de falarme.

–Que o pase ben, señor S. E sobre todo teña moito coidado. A misión é, en verdade, difícil. Sí, moi difícil, señor S., moi difícil.

Tratei de coñecer esta cidade nunhas horas. Foime imposíbel. Camiñei e camiñei sen rumbo fixo. Camiñei entre autos e tranvías, entre mulleres e homes. Fuxín da xente na medida en que me foi posíbel, quizais o estar entremedias dela perxudicase a eficacia da misión. Cheguei a esgotarme, e todavía non coñecía ren dista cidade. Busquei a rúa 23. encamiñeime a ela. No camiño atopei unha librería ambulante. Merquei unha novela: Cando o tempo non morre, do escritor nativo desta cidade, CH.

No anco do <<hall>> seguía, rubida ao púlpito, a patroa. Seguía igual, co corpo en forma de ángulo.

–Aburreuse e cansouse- dime.

–Si- digo.

–E comprou unha novela- dime.

–Si- digo.

–Cando o tempo non morre, de CH.

–Si. Pero, ¿por que o sabe?- digo.

–He,he, he.

–Si. Pero, ¿por que o sabe?- digo.

–He,he, he.

Deixeiina con isa risa imbécil nos beizos e rubín lizgairo as escadeiras para fecharme na habitación. ¿Por que se ri disa maneira tan estúpida?

Comecei a ler Cando o tempo non morre. Mevi foi saíndo do libro, pouco a pouco, pero con seguridade. Foi pódoseme diante: co seu gabán negro, coa súa falda negra, cos seus zapatos negros. Pódoseme alí, mesmamente diante de min, á outra banda da mesa. Dobraba lixeiramente a cabeza cara atrais, fechaba os seus ollos, cos seus beizos lixeiramente, casi imperceitabelmente abertos...

Levanteime. Fun até o outro lado da mesa. Boteille unha man pola cintura. Iba a... Pero entón deime conta de que Mevi non eisistía. Quizais non fose esaito decir que non eisistía. Quizais fose mellor decir que non estaba alí. ¿Pero, en verdade, non estaba alí, alí no libro, e fóra do libro tamén, na habitación, a outra banda da mesa?Quizais fose mellor decir que Mevi non era. ¿Pero, en verdade, non era?

Cando collín de novo o libro e continuei lendo, de novo xurdeu Mevi. Si. Mevi: co seu desabotoado gabán negro, coa súa falda negra, cos seus zapatos negros, cos seus beizos lixeiramente, casi imperceitabelmente abertos...

Ao outro día, cando baixei á rúa, volvei a toparme coa patroa.

–Gustoulle Cando o tempo non morre, de CH. ¿Non é verdade, señor S.? I enamorouse de Mevi. ¿Verdade, señor S.? Buscouna na outra banda da mesa..., he, he, he...

–Si. Pero ¿por que o sabe?- digo.

–He, he, he...

Dende a rúa, ao traveso da porta vidreira da entrada aínda a poido ver, rubida a esa especie de púlpito. Igoal que sempre: en forma de ángulo, como si sostivera co seu lombo o teito.



*Pasei toda a tarde correndo. Fuxindo da xente. O encontro coa xente tal vez botase a perder a eficacia da misión. Correndo pasaba tamé por diante da eirexa cando a vin. Era a mesma, non cabía dúbida. Eu ben coñecía o seu desabotoado gabán negro, a súa falda negra, os... Corrí até pórme perto dela. Até pórme mesmiño detrais dela. Estaba tan perto que sentía ben o seu alentar. Entón, casi como falando para min –non me conviña berrar en ningún intre, ben poidera ser que botase terra enriba da eficacia da misión- chameina.*

*-¡Mevi! ¡Mevi!*

*Parou, e volveuse. Faloume con ise seu ton de voz tan engaiolador. Con ise seu ton de voz que xa me parecía coñecer.*

*-¿É vostede un estranxeiro?- dime.*

*-Sí.*

*Non fago senón entrar na pensión cando a dona, dende isa súa especie de púlpite, dime con isa maneira imbécil que ten de decir as cousas.*

*-Pasouno vostede moi ben, ¿eh? ¿Atopou con Mevi? Si, Mevi é realmente unha rapaza interesante. Pero vostede sabe que ten de cumprir a misión. Misión de moita responsabilidade, de...*

*-Pero, ¿como sabe que topei con Mevi?- digo.*

*-He, he, he...*

*Rubo correndo, como unha centella, as escadeiras. Como o outro día. Isa risa estúpida da patroa vírame tolo.*

*Durante moito tempo, vinme todas as tardes con Mevi. Eles seguían pagando todos os meus gastos. A doma da pensión, isa muller en ángulo, seguía lembrándome a gran responsabilidade da misión. Namentras eu, íame quedando cego. Ao primeiro, pouco a pouco, logo, a pasos axigantados. Comecei por non distinguir, á hora de netrar nas oficiñas, o traxe roxo do xefe de empregados dos traxes grises dos empregados. Acabei por non velos entrar. Sabía que entraba en determinado intre, porque ouvía as bataladas do reloxo. En parte, ledeime de non os ver entrar porque o facían sempre do mesmo xeito, con unha normalidade tal que me escitaba.*

*Un día á tarde, cando baixaba as escadeiras cáseque a tentas, a patroa díxome que <<tal vez conviñese que me fora a P.>> -tampouco sabía que eisistira tal cidade- toda vez que alí había un excelente especialista. Cando me atopei, detrais do confesionario –conviña que non nos vise a xente- con Mevi, díxenlle que quizais ao outro día tomara o camiño de P. Non pareceu sentilo, mais ben ledouse porque ela desexaba, dende facía tempo, que eu me operase canto antes.*

*Non me despedín dela.*

*En P. é impresionante isa cor azul intensa –que non poiden ver cando cheguei, pero que si vin despois- que ten o mar. Funme directamente da estación do tren á casa do doutor. Recibeume moi ben –parece que xa eles lle falaran- e non tivo ningún incoemente en hospedarme na súa casa. Aínda tiven que agardar algún tempo para que me poidese operar.*

*Cando me sacaron a venda de diante dos ollos, é decir, cando me sacou a venda de diante dos ollos, poiden ver que ela era domo eu pensaba que era. A filla do doutor, aquela rapaza daquela vox tan sinxela, daquelas mans tan lenes, que se preocupara tanto de min durant aquel tempo, era como eu quería que fose. Seguí vivindo bastante tempo na casa do doutor. Polo visto, necesitaba terme perto apra facerme ele mesmo as curas e para ver como marchaban os meus ollos. Nos primeiros tempos sentín isa sensazón que deben sentir todos os que se acharon nun caso semellante ao meu: como si a cada intre me fose a quedar de novo sin vista. Como si continuamente, dun intre a outro, fose quedar novamente cego. Por iso miraba, como si os tivese que gardar para sempre dentro de min, con verdadeira fame, o rosto doce de Marta, a cor azul intensa do mar de P.*

*Aínda eu non estaba curado de todo cando estalou a guerra. O doutor non se atopaba, polo que se veu ao pouco, nunha situación moi de envexar. Durante toda a guerra –na que non participei por se estranxeiro- vivín con Marta. Vivimos os dos soios. Foi durante ise mesmo tempo cando eu crín que nacera para literato. Ocupeime en escribir unha novela que no fun capaz de rematar. Tiduábaa Historia dunha esquina. Sempre pensei, meu querido amigo, que soio as esquinas xustifican a vida. Alí onde non hai esquinas, non hai senón desapego á vida. Penso que alí onde non hai esquinas non ten o home nada que facer. Aínda recordo, amigo meu, o día aquel dlaro de P. no que eu lle tiña dito a Marta que ía empezar a Historia dunha esquina. Non comprendí ben como eu, que buscaba a razón da vida nas esquinas, podía amar, como amaba, ao mar. Entón vinme na obriga de decirlle o que era o mar. Estabamos sentados, baixo a parra verde. Dixérame:*



-É curioso. ¿Por que amas, entón, tanto ao mar? No mar non hai esquinas, ademais...

-O mar é unha esquina continua -digo.

-¡Bah!

-¿Acaso non te lembrás daquelo? -digo-. ¿Que foi aquilo senón dobrar a esquina? Salira da praia a goleta era conscente do seu cometido. Nós quedáramos alí: ti e mais eu. Alí na praia, na area salgada. Era teu pai quen ía ao leme. A lúa, como si tamén fose conscente, quedárase por outras terras. A goleta alonxábase, silenciosa, alonxábase... Somentes se vía alá, no meio da ría, a luciña de popaa. E ti e mais eu seguíamos alí: na praia, sobor da areia salgada. De súpeto ouvimos o ruído da motora. Ti miraras para min, e dixérasme: <<¡Víronos!>>. Eu non dixera nada. Despois vimos ben todas as luces da motora. Ían xuntándose coa luciña de popa da goleta. Cada intre, estaban máis perto. Nun instantiño, estiveron xuntas. Logo, comezaron a arredarse. Cada intre, estaban máis arredadas. Fomos vendo, sin poder falar, como a luciña de popa erguíase, pouco a pouco, no ar da noite. Ao pouco, comezou a baixar. Pouco a pouco. Pouquiño a pouco. Escribeu sobor a escuma un anelo de luz, e de repente choupouse. Teu pai e mais os outros dobraron a esquina. Entón arrimáste a min. Pasárasme os brazos polo pescozo, e dixérasme: <<Eran bos, e non embargantes tiñan que fuxir. ¿Verdade que eran bos?>> Eu tampouco contestara. Tiña demasiado perto os teus ollos, as túas meixelas, os teus beizos.

-¿Como agora? -dime.

-Si, como agora. Mollara os meus beizos nos reus beizos e nas túas bágoas.

-¿Como agora? -dime.

-Si. Como agora.

Mólloos.

E agora dígame: ¿e a ti que? ¿Que che importa a ti todo isto? Son istos recordos, istos recordos meus, amigo. Pero, ¿a ti que? Tal vez nin tan siquera che interese recibir carta diste amigo.

Que boa era, amigo, isa rapaza que se chamaba Marta. Xúnguenme a ela moitos recordos. ¡Como me quería! Pero xa non sei dela nin nunca máis saberei.

Dispúñame saír de P. un día calquera daqueles, pois recibira unha nota da patroa onde me lembraba a grande responsabilidade que gardaba a misión, cando achei por primeira vez o libro. Entrei na librería de vello, i estaba alí, pousado enriba do estante. Collino na man e preguntalle ao libreiro;

-¿Canto val, bon home?

-Está vendido, señor -dime. Si chegase vostede uns instantiños antes...

Dende ise momento foi como si o libro fose un cabalo do demo. Escorríase decote das mans. Como si cando lle fose botar as mans pegase un brinco. Entraba na librería de vello -en calquera librería de vello- i estaba alí: pousado enriba da mesa, ou do mostrador, ou do primeiro estante. E cando o collía na man e lle preguntaba ao libreiro <<¿canto?>>, xa non me deixaba seguir: <<Está vendido, señor, si chegase...>> Ás veces, cando o libreiro non era dos máis calados, decíame:

-Un bon negocio, ¿sabe?, señor. Un bon negocio. Sin traballo ningún. Tróuxoo un rapaz, e vendeumo polo que le ofrescín. Ao pouco, caso no mesmo intre, entrou unha dona e comprouno polo que lle pedín. Deixouno eiquí. Á tarde, virá por ele. Un bon negocio, señor. Sin traballo ningún.

Namentras eu sostiña o libro nas manas -moitas veces viñéronme ganas de fuxir correndo- e lía. Unha vez máis, aquela adicatoria: <<Onde queira que estea, inda que entón xa estea cego, sempre te verei como te vin a primeira tarde, cando foches saíndo do libro para póreste diante de min. Onde queira que estea, aínda que entón xa estea cego, sempre lembrarei aquel bico primeiro que che din, cando todavía non coñecía os teus beizos de carne>>. Estaba escrita con letra grande e desigual. Con letra do que vai, amigo, camiño de cego.

Pousábao. Volta a coller a porta. Volta a saír á rúa, envolveirto na brisa fría de febreiro, dábase conta de que a esquecera. Esforzábame, pero non era home a saber como era o rostro de Mevi, a voz de Mevi. Pero non era hom a saber como era Mevi.

Nunha disas tardes frías de fins de febreiro, aproveitando que Marta non estaba na casa, decidín virme para ista cidade. En realidade, vinme porque, sin saber polo que, cheguei a pensar que me atopaba ligado a ledes e debía cumprir canto antes a misión. Po iso fixen caso da nota da patroa, i encamiñeime é estación. Foi ao pasar por diante do Pazo de Xustiza de P., onde me pARECEU ver que camiñaba toda enloitada, uns metros disnte de min, Marta. A pesares de que sempre fun un covarde e non me interesaba despedirme dela, sentínme, naquel intre, forte

*dabondo e apurei o paso para alcanzala. Corríñ até pórme perto dela. Até pórme mesmiño detrais dela. Estábamos tan perto que eu sentín ben o seu alento. Entón, casi como falando para min, chameina:*

*-¡Marta ! ¡Marta!*

*Parou, e volveuse.*

*-Eu son Mevi. ¿Acaso xa non te lembrás de min? –dime.*

*I entón si que me lembro. Pero é igual que Marta.*

*Sin dicirme nada máis, meteu a man na alxibeira do seu desabotoado gabán preto, e sacou o libro. ¿Porq que tiña feito todo aquilo? ¿Por que, meu querido amigo, non fora directamente buscarme á casa de Marta? ¿Era razón dabondo que ela soubese que eu son un eterno visitador das librerías de vello?*

*Fixemos o viaxe xuntos até dúas estacións antes dista cidade. Alí quedouse ela. Non convíña que no vise xuntos a xente –quizais elo borase a perder a eficacia da misión- e, por outra banda, importábame grandemente que a patroa non soubese ren diso. Polo camiño, ven falándome da inda quente morte de seu pai, da morte dise gran escritor que foi CH. Agora Mevi é unha orfa. É un caso interesante sin dúbida, meu amigo, a morte de CH. Polo visto, según me dixo a mesma Mevi, seu pai deitou na primeira parte de Cando o tempo non morre toda a súa vida. A primeira parte da novela até que o protagonista T, queda viúdo, é, diste xeito, a biografía do escritor até os mesmos intres de escribir o libro. Somentes é maxinada a segunda parte é, desgraciadamente, tan biográfica como a primeira. Unha maán, fai poucos días, CH, intentaba curzar a rúa. E inda que vía moi ben o tranvía se lle viña enriva, non fixo ren por arredarse, como tampouco fixera T. Pero o certo é, meu amigo, que Mevi é agora unha orfa. Unha orfa como a Meve de Cando o tempo non morre. Igoal.*

*Novamente atopeime nista cidade. Cando cheguei, achei no anco do hall á patroa. Estaba como sempre. Rubida a isa súa especie de púlpito. Dobrada en forma de ánguo, como si sostivera co seu lombo o teito.*

*-¡Ah! ¿É vostede, señor S?*

*-Si –digo.*

*-Namorouse de Marta. ¿Non é verdade señor S.? Intentou escribir a Historia dunha esquin. ¿Non é verdade, señor S.? Veu no tren con Mevi. ¿non é verdade, señor S.?*

*Unha vez máis, volvo a rubir correndo as escadeiras. O coarto segue, tamén, igoal que sempre. Non fago senón entrar e debruzarme na fiestra e xa vexo saír das oficiñas aos empregados das liñas aéreas A.I. Primeiro vén o xefe, co seu uniforme roxo. Logo, todos os empregados con seur uniformes grises. Non sei cal, pero seguro que acaba de dar unha hora. Cerro a ventan. ¿Por que a patroa estará así, nunha postura tan absurda? ¿Por que falará así, dun xeito tan antipático? ¿Por que me falará sempre do que fixen e nunca do que farei?*

*Non aguantei máis, meu querido amigo, e baixeí a ver á patroa. Baixeí e preime ao pé mesmo disa súa especie de púlpito. Entón esquecínme de que era un covarde e fun un valente.*

*-¿Que farei mañán? ¿Que me pasará mañán? –digo.*

*-¿Mañán? He, he, he...*

*-Si. ¿Que farei mañán? ¿Que me pasará mañán? –digo.*

*-¿Mañán? He, he, he... Foi esa risa imbécil a que me virou todo. Rubín a isa especie de púlpito. Tirei á patroa ao chan. Quedou no meio do hall, a ras de chan, en forma de ángulo. Apreteina ben.*

*-¿Que farei mañán? ¿Que me pasará mañán? –digo.*

*Xa non se ri. Xa non me di ren. Nin nunca máis dirá. Pero dixo bastante con aquel ollar derradeiro.*

*Si, meu querido amigo. Até agora, sempre tiven esperanzas de voltar a isa terra, de volveite a atopar. Por iso nunca tratei de escribirche. Pero agora sei ben cenrto que non. Sei ben certo que eles chegarán mañán –quizais ista mesma noite- e diranme: <<Vostede non cumpreu a misión>> Levaranme á cadea para sempre. Dende entón, xa serei sempre un condenado.*

*Estou seguro, meu querido amigo, que ti te preguntarás, como me pregunto eu: ¿Por que me fixeron vir a ista cidade, da que nin siquera sabía que esistira, e á que non tiña ningún interés en vir? ¿Por que me encomendaron unha misión, da que nin siquera me dixeron en que consistía?*

*Unha aperta, a aperta derradeira, do teu bon amigo.*

Fai un comentario completo do relato “Carta de S.” de *Memorias de Tains* de Gonzalo R. Mourullo. Explica as características da corrente literaria na que se insire a obra, a través da análise e comentario do espazo, personaxes, punto de vista, tempo... neste relato.